


OS PRONOMES PERSOAIS: formas e
funcións.
COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO





Recordas que hai pronomes átonos e tónicos?



E cales son as funcións que poden cumprir cada un deles?



E ,por suposto, cales son as regras de colocación do pronome átono?

Antes de repasar a teoría, unha pequena cuestión terminolóxica.

Os pronomes átonos sitúanse
PROCLÍTICOS ou **ENCLÍTICOS** ao
verbo.



O 1º que debes facer
é ver se se trata dun verbo
en forma persoal ou non.

Por que?

Porque se se trata dun verbo en forma impersoal
(infinitivo ou xerundio),
pode haber máis dunha posible colocación pero se é un
verbo en forma persoal , só hai unha.

Un pronome átono nunca pode encabezar un enunciado.
Vai enclítico nas oracións simples e na principal das compostas, agás:

Nas oracións
negativas.

Nas oracións
desiderativas.

Nas
interrogativas
e exclamativas.


Nas
proposicións
subordinadas

Nas
enfáticas.


Nas introducidas por
determinados
indefinidos e
adverbios.

Nas que hai alteración da
orde sintáctica.


Vexamos agora que pasa cando o pronome depende dunha forma impersonal, ou sexa, cando depende dun infinitivo, dun xerundio ou dun participio.




Cando vai cun participio,
sempre ten que acompañar
ao verbo principal.



Se se trata dun infinitivo
sempre vai ter varias colocacións,
segundo sexa unha perífrase ou non.



Con formas
verbais
impersoais



Cando o verbo é un xerundio,
tamén debes saber se se trata
dunha perífrase ou non.

CANDO O VERBO É UN **XERUNDIO**



Se non forma perífrase verbal:
vai enclítico ao xerundio,
agás cando este vai rexido
por nexo ou negación,
que tamén pode ir proclítico.

EXS: Non falándolle do tema/
Non lle falando do tema
En dicíndolle iso, saíu/
En lle didindo iso, saíu

Se forma perífrase verbal:
enclítico ao xerundio ou no lugar que lle
corresponda con respecto ao verbo
principal.

Exs: Segues amolándome moito/
Séguesme amolando moito

CANDO O VERBO É UN **INFINITIVO**

Se non forma perífrase verbal:

- enclítico ao infinitivo (Xa pode tercho el) ou con respecto ao verbo principal (Xa cho pode ter el).
- en oracións negativas, enclítico ao infinitivo (Non dicirlllo está mal) ou entre a negación e o inf. (Non llo dicir está mal)
- cando o inf. vai rexido por un nexo, enclítico ao inf.(Estou contenta de facerllo) ou entre o nexo e o inf. (Estou contenta de llo facer)

Se forma perífrase verbal:

- se ten elemento de relación, 3 posibilidades:
 - Non teño nada que dicirlle/
 - Non teño nada que lle dicir/
 - Non lle teño nada que dicir
- se non ten elemento de relación, 2:
 - Debo dicirlllo xa/ Débollo dicir xa